

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARTICULARES QUE HAN DE REXER O CONCURSO DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN, REINSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XOGOS INFANTÍS, PAVIMENTO CONTINUO DE SEGURIDADE, VALADO E CARTEIS INDICATIVOS NO XARDÍN EXISTENTE NA PRAZA FONTE DOS RANCHOS, NO CONCELLO DE LUGO

Manuel Regueiro Sánchez, Xefe dos Servizos Técnicos de Parques e Xardíns, informa o que segue:

Que, tendo interese a Concellería de Medio Ambiente en dotar con dúas áreas de xogos infantís o xardín existente na praza Fonte dos Ranchos, é polo que se redacta este prego de condicións técnicas.

1.- OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do concurso é a contratación de dúas áreas de xogos infantís, unha para nenos de menos de 6 anos e outra para nenos de 6 a 12 anos, cos seus correspondentes xogos infantís (composición libre), valos perimetrais regulamentarios, carteis indicativos e pavimentos amortecedores continuos de seguridade, como mínimo, de tres cores colocados nas áreas de seguridade de todos e cada un dos xogos infantís que se instalen. Xúntase documentación gráfica do lugar de situación.

2.- ALCANCE DA CREACIÓN DAS DÚAS ZONAS OU ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS

A creación das dúas áreas de xogos implica levar a cabo o que segue por conta e parte do adxudicatario:

- a.- Acondicionar e preparar as ancoraxes dos xogos existentes (do subministrador Lappset de referencias comerciais números 138117.- O tobo do coello e a 10264.- Polka) necesarios para proceder á súa instalación en chan duro.
- b.- Repintado, reparación e acondicionamento dos xogos existentes anteditos, así como a súa reinstalación na zona.
- c.- Creación da área de xogo, cos seus correspondentes xogos infantís (composición libre), valo perimetral regulamentario, cartel indicativo (2

unidades), certificación das dúas áreas de xogos infantís, pavimento amortecedor continuo de seguridade, como mínimo de tres cores.

Acompáñase documentación gráfica do lugar de situación da zona obxecto de intervención.

3.- CONDICIÓN XERAIS DOS XOGOS E MATERIAIS

Os elementos deben estar deseñados de forma que o risco derivado do xogo sexa discernible e calculable polo neno.

As plataformas de alturas superiores a 600 mm que formen parte de xogos accesibles por nenos de idades inferiores ós 36 meses non poderán ter lados abertos.

Unha plataforma considerarase accesible para nenos de menos de 36 meses cando a distancia entre a liña de terra e o primeiro chanzo dunha escaleira (ríxida ou de cordas) sexa inferior a 400 mm.

As plataformas dos xogos accesibles para nenos de máis de 36 meses que estean situadas a alturas comprendidas entre os 1.000 e 2.000 mm deberán estar protexidas, como mínimo, cunha varanda en todos os seus lados. Se a altura é superior a 2.000 mm, todos os lados deberán estar protexidos por un panel pechado.

Debe posibilitarse o acceso ós adultos co fin de que poidan axudar ós nenos en todas as partes do xogo.

Ningunha parte do xogo debe ser tal que permita a acumulación de auga.

Ningunha parte do xogo susceptible de ser empregada como piso poderá ser escorregadiza.

Os elementos cuxa distancia interior sexa maior de 2.000 mm dende o punto de entrada deberán incluír, como mínimo, dous accesos situados en lados diferentes.

Esquinas, cantos e calquera parte que sobresaia máis de 7 mm deben ser redondeadas cun radio mínimo de 3 mm.

Para evitar posibles atrapamentos, haberá un espazo mínimo de 400 mm por debaixo de calquera equipo móbil suspendido por enriba do usuario.

As superficies para andar cuxa inclinación sexa inferior a 45° non poderán ter espazos baleiros maiores de 30 mm.

4.- CERTIFICACIÓN DE CALIDADE E SEGURIDADE DOS XOGOS

Para garantir o grao de seguridade necesario dos distintos

equipamentos de xogos infantís para instalar, será imprescindible para poder ofertar a presentación dos certificados TÜV (expedidos polo Geprüfte Sicherheit) ou homoxénea certificación española, dos xogos ofertados con respecto ó cumprimento da normativa europea de seguridade EN-1176.

Coa finalidade de obter a calidade desexada nas instalacións, as empresas ofertantes deberán contar coa certificación ISO 9001, respecto de estándares de calidade en todas as operacións do proceso de fabricación e instalación, e deberán posuír a certificación ISO 14001 de calidade ambiental.

Tamén se esixe o cumprimento do Decreto 245/2003, do 24 de abril de 2003, da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado.

5.- DESEÑO E COMPOSICIÓN

O deseño, equipamento e a composición do conxunto da área onde se pretenden instalar os xogos é libre, baixo o denominador común, en liñas xerais, de que os xogos han de ser seguros no amplo sentido, funcionais, lúdicos, que fomenten a creatividade, a imaxinación, o exercicio físico, etc., e con reducido mantemento.

É interesante dotar a cada unha das áreas dun xogo ou torre multidisciplinar (multixogo con varias actividades, axustado ás diferentes idades dos nenos), completándoas con outras unidades de xogos infantís.

O uso e goce ha de abranguer o tramo de idades comprendido entre nenos de menos de seis anos nunha área e na outra de seis a doce anos.

O deseño de cada xogo haberá de ser tal que dende calquera punto non sexa posible a ocultación dun neno en ningunha das súas partes, a súa adaptación ó contorno, as actividades que aglutinen, así como obviamente que cumpran coa normativa de seguridade (o proxecto deberá adaptarse en todo o seu contido ó disposto pola lexislación estatal, autonómica e europea para a devandita materia).

O pavimento continuo de seguridade colocarse soamente en todas e cada unha das zonas de seguridade dos xogos que se instalen.

6.- CONDICIÓN DO PAVIMENTO CONTINUO DE SEGURIDADE

a.- O pavimento de seguridade só se instalará en todas e cada unha das zonas de seguridade dos xogos. (O resto dos interespazos irá con céspede artificial o cal non se inclúe neste prego).

b.- O conxunto do pavimento ha de ser drenante e estable (en canto á non descoloración e non manchado), así como ha de manter as súas propiedades físicas en canto a ser resistente ó desgaste e abrasión.

c.- O pavimento ofertado terá unha garantía mínima de catro anos.

7.- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL

O mantemento e conservación dos xogos, pavimento, valados e carteis será obrigatoriamente integral (materiais e man de obra) e con cargo ó adxudicatario sen ningún custo para o Concello por un prazo mínimo de tres anos. Establécese, como mínimo, o período de dúas veces por semana para cada unha das inspeccións oculares, funcionais e anuais durante un mínimo de tres anos.

8.- CONTIDO DAS PROPOSTAS

As propostas que se presenten contemplarán, como mínimo, a realización dos traballos seguintes:

- a. Instalación e montaxe de novos xogos infantís conforme ás actuais normativas de seguridade vixentes, cos seus correspondentes valados regulamentarios de seguridade con portas de acceso, carteis indicativos (2 unidades), certificación das áreas de xogos, pavimentos regulamentarios amortecedores (absorbentes de impactos) continuos de seguridade cun mínimo de tres cores que afectará a todo o espazo ou área de seguridade de todos e cada un dos xogos que se van instalar.
- b.- Acondicionar e preparar as ancoraxes dos xogos existentes (do subministrador Lappset, de referencias comerciais números 138117.- O tobo do coello e a 10264.- Polka) necesarios para proceder á súa instalación en chan duro.
- c.- Repintado, reparación e acondicionamento dos xogos existentes anteditos así como a súa reinstalación na zona.
- d.- Plan do mantemento e conservación integral (materiais e man de obra)

9.- NIVEL DE DEFINICIÓN DAS PROPOSTAS

Presentaranse como mínimo:

- a. Planos en planta a escala non inferior a 1:200 da solución ou solucións adoptadas para a devandita área de xogo, coa súa correspondente distribución detallada e superficie dos xogos infantís, pavimento de seguridade, valo de seguridade, cartel indicativo, etc.
- b. Planos acoutados nos que se especifique claramente a tipoloxía, clase e dimensións dos xogos infantís propostos, así como medidas mínimas de seguridade destes.
- c. Catálogo, fotografías en cor ou imaxes de ordenador en cor dos xogos que contribúan a clarificar a oferta presentada.
- d. Tipo de cimentación.
- e. Definición e descrición completa dos materiais que interveñen na fabricación de todos e cada un dos xogos.
- f. Definición e descrición completa do tipo e composición do chan de seguridade así como dimensións, e características deste e a súa forma de instalación.
- g. Definición e descrición completa do tipo de valo para instalar, así como as súas dimensións e características e a súa forma de instalación e ancoraxe.
- h. Definición e descrición completa do tipo de cartel para instalar en cada unha das áreas, así como as súas dimensións e características e a súa forma de instalación e ancoraxe.
- i. Relación de seguros e garantías do servizo e dos materiais (tanto dos xogos coma do pavimento) na que se especifiquen claramente as condicións.
- j. Garantías de subministración de calquera peza de recambio dos xogos infantís, pavimento de seguridade, valo, cartel indicativo, durante un prazo mínimo de 10 anos
- k. Certificados relativos á adecuación dos xogos á normativa legal vixente de seguridade e calidade que se oferten, conforme a denominación que o fabricante realice para cada equipo, en cumprimento da normativa UNE-EN 1176. Estes certificados deberán ser orixinais ou ben fotocopias compulsadas ou lexitimadas, e achegaranse co resto da documentación do concurso.
- l. Os licitadores presentarán coas súas ofertas o despezamento de cada elemento de xogo, coas respectivas

referencias, ou códigos de cada peza susceptible de repostos, para as fases de conservación.

- m. **Plan de mantemento integral (materiais e man de obra) no que se estableza a periodicidade das inspeccións oculares, funcionais e anuais, e será obrigatorio, como mínimo, por un prazo de tres anos.**
- n. Relación de medios da empresa a disposición do contrato.
- o. Características do servizo posvenda, así como modelo de informe que se vai utilizar.
- p. Oferta económica analizada por partidas coas súas correspondentes unidades de obra e prezos unitarios de todos e cada un dos xogos infantís, m² de pavimento de seguridade, m lineal de valo, 2 unidades de cartel indicativo, certificación das áreas de xogos, etc.).

10.- RELACIÓN DE ZONAS OBXECTO DO CONCURSO

Praza da Fonte dos Ranchos (xúntase documentación gráfica do lugar de colocación, na que se indican as dúas áreas de xogos para instalar na devandita praza).

11.- GASTOS

Os gastos que se deriven das embalaxes, portes e instalación, reinstalación e montaxe dos xogos, pavimento de seguridade, valo, cartel indicativo, certificados incluído o certificado obrigatorio das dúas áreas de seguridade, etc., serán por conta do adxudicatario.

12.- PRAZO DE ENTREGA

O prazo de entrega será como máximo dun mes.

13. -PRESUPOSTO

Este presuposto ascende, con todos os gastos, transporte, instalación, certificados, mantemento, etc., e IVE incluídos, á contía de 80.000 €

14.- RECEPCIÓN DAS ÁREAS DE XOGO

Antes da recepción e recibimento das obras por parte do Concello, é obrigatorio a cargo e por conta do adxudicatario (sen custo ningún para o Concello) a achega da correspondente certificación de área de xogos segundo Normativa europea (emitida por entidade ou organismo acreditados oficialmente para iso), segundo os criterios da norma UNE-EN 1176, UNE-EN 1177, UNE-EN 147101:2000 IN, UNE-EN 147102: 2000 IN, UNE-en 147103:2000 IN) conforme á cal cada área de xogo cumpre coa normativa vixente referente á seguridade tanto dos elementos de xogos, materiais auxiliares, a interrelación das partes, etc., así como do pavimento de seguridade e de amortecemento (HIC).

15.- VALORACIÓN DAS OFERTAS

1.- VALORACIÓN TÉCNICA DA OBRA (XOGOS): 0 - 4, 50 puntos

1.1. - Composición, deseño, integración co ámbito e estética do conxunto: de 0 a 3 puntos

1.2. - Funcionalidade e deseño de cada un de dos xogos: de 0 a 1,50 puntos.

2. - GARANTÍAS E PRAZOS DE ENTREGA: de 0 a 1 punto.

3.- OFERTA ECONÓMICA: de 0 a 4,50 puntos

Lugo, 28 de maio do 2009

Asdo. Manuel Regueiro Sánchez